

RESUMO DE MODIFICACIÓNS DO PLAN DE ADAPTACIÓN Á SITUACIÓN COVID

20-09-2020

➤ ORGANIZACIÓN DAS ENTRADAS:

- Unha vez aberto o portalón, comezará a entrar nos horarios establecidos de cada quenda o alumnado, que o fará directamente cara as aulas.

O alumnado da seguinte quenda poderá acceder á zona de cemento da entrada para evitar as aglomeracións na acera (esta zona delimitará dous espazos, o azul e o laranxa). Este espazo só será utilizado polo alumnado que entre na seguinte quenda, (exemplos: se está entrando o alumnado de 6º e 4º de primaria, poderá ocupar este espazo o alumnado que vaia chegando da seguinte quenda, é decir, 5º e 2º; cando xa entren os de 5º e 2º, poderán acceder a esta zona os de 3º e 1º).

- **Cando un alumno/a chegue máis tarde do seu tramo horario de entrada,** deberá permanecer no exterior do edificio ata que finalice a entrada de todo o alumnado de primaria (**ás 09:00 h.**) e será notificada a falta de puntualidade á súa familia.

▪ Horarios:

HORA ENTRADA	CURSOS DO CAMIÑO LARANXA	CURSOS DO CAMIÑO AZUL
08:45 h.	4º primaria	6º primaria
08:50 h.	2º primaria	5º A e 5º B primaria
08:55 h.	1º primaria	3º primaria
09:05 h.	5º e 4º infantil (3 e 4 anos)	6º infantil (5 anos)

▪ Camiños/liñas de tren:

- **Esquerda:** 4º, 2º e 1º de Primaria; **5º e 4º de Infantil (4 anos e 3 anos)**
- **Dereita:** 6º, 5º e 3º de Primaria; **6º de Infantil (5 anos)**



ANDÉN DE ESPERA PARA ENTRAR

- **08:45-08:50:** neste tramo horario só utilizará este espazo o alumnado de 2º e 5º A-B de primaria.
- **08:50-08:55:** neste tramo horario só utilizará este espazo o alumnado de 1º e 3º de primaria.

- Camiño de: 4º, 2º, 1º de primaria; 5º e 4º de infantil
- Camiño de: 6º, 5º e 3º Primaria; 6º infantil
- Entrada ao recinto polo portalón da rúa Ramón López Piñeiro

- O alumnado de infantil e primaria que teña irmáns, poderá acceder xunto **na quenda do irmá/án que entre en primeiro lugar.**